

## DA CURIOSIDADE Ó COÑECEMENTO: OBSERVACIÓNS DUNHA VIAXE EXPERIMENTAL DE COSTA A COSTA (EN BICI)

**GREGORIO MONTES, ANTONIO**

*Profesor xubilado de Física e Química*

*Que é a velocidade?*

*Te preguntas mentres dous Porsche corooan antes ca ti ese porto empinado.*

*Que é a velocidade? E ti o preguntas?*

*Velocidade es ti.*

Con motivo de ter pasado preto de setenta horas sobre a bicicleta nas últimas dúas semanas, nunha viaxe deseñada por e para min, tiven oportunidade de fixarme, cavilar, chegar a conclusións, preguntar, aprender... e fixarme nesa aprendizaxe para tentar transmitir algo útil. Está claro que indo en bicicleta vense cousas que non se ven en coche; non pola altura, senón pola velocidade e a proximidade. A paráfrase de Bécquer que fago ó comezo tenta facer de introdución a unha amalgama multidisciplinar que inclúe preguntas (moitas) e respostas (algunha) ás que cheguei a partir da observación curiosa, e que poden servir para que outra xente, a semellanza, comece a aprender ou siga aprendendo cun método que aproxima ó científico.

Tratándose da bici como medio de transporte, non pode faltar o rozamento. O rozamento con diferentes tipos de chan, pero tamén con diferentes cubertas nas rodas ou en diferentes contornos de *temperie*. Ou a importancia das liñas de pintura nas estradas ou da presión das rodas (caso de ser pneumáticas, non esquecer mantelas inchadas de xeito óptimo, que non sempre é o máximo!). Ou o rozamento co aire e a súa viscosidade en diferentes condicións de presión ou meteorolóxicas.

Da bici tamén, a incorporación de diferentes tecnoloxías resulta en diferentes consecuencias. Por exemplo, a cadea facilita a tracción traseira e dificulta algún tipo de maniobrabilidade, facilitando o derrape.

Nunha viaxe longa e por lugares da España baleirada pódense ver escenas de vida salvaxe, gamos evolucionando á par do teu avance baixando de Silos, esquíos cruzando diante de ti preto da Pontenova, ou pegadas de lobo na beira en máis dun lugar, en canto a zooloxía, incluíndo o tamaño dos rabaños gandeiros e a constitución. En relación á vexetación, tanto a silvestre como a cultivada evolucionan da costa ao interior; do baixo ao alto, do pluvioso Cantábrico ao soleado Mediterráneo. Contando tamén co aproveitamento anunciado de cogomelos nas terras altas de Soria e as plantacións de aciñeiras de carrasco pola produción de trufas ao cambiar de Teruel a Castellón. E claro, a relación entre tipo de cultivos e chuvia, o aproveitamento por canles en zonas impensadas (ao menos por min), os arboredos de diferentes tipos guiados pola *temperie*, ou a falta de vexetación e a erosión en función de clima, terra, orografía...

Castela, chá? Na bicicleta aprécianse as cousas de xeito máis relativo... e a Terra de Campos pouco ten que ver coas terras altas de Burgos ou Soria. Pódese sentir no corpo a chaira? Abofé que si, o mesmo que os cambios de conca! Por certo, atravesar as concas dos ríos leva ó asombro orográfico. Conca do Eo (Cantábrico por Ribadeo), Miño (Atlántico por Camposancos), Eo de novo, Neira/Miño de novo, Cruzul/Navia e Navia (Cantábrico por Navia), Sil/Miño, múltiples do Douro ata chegar ao propio Douro preto da súa cabeceira (Atlántico por Porto), pasando logo ao Ebro (Mediterráneo) que non se deixa ir polo longo Jiloca que se recorre á beira, logo Turia (Mediterráneo), Mijares, Palancia, Turia de novo...

De tecnoloxía tamén vai a observación dos materiais de construción, de adobe a granito, pasando por pedra calcarea, doada de moldear pero que aguanta mal a corrosión da auga e o dióxido de carbono.

A infraestrutura que concirne á enxeñaría tamén vai de tecnoloxía: pontes de diferentes características para facilitar o paso, camiños de ferro coa súa menor inclinación aproveitados como vías verdes (si, ás veces quérese evitar os prexuízos da pouca fricción!),

E podemos pasar á astronomía. Nunha viaxe cara ó leste, cada vez amence máis cedo. Mesmo en setembro-outubro, cos días minguantes, a bicicleta pode facer avanzar ó Sol na súa saída polas mañás. Claro, depende de cara onde vaias e o avance nesa dirección!

E volver á física: a inercia e o seu aproveitamento na bicicleta, ou, polo contrario, os impedimentos ó movemento que a inercia supón, segundo os casos.

O estudo demográfico tamén está incluído: a España baleirada nótase na paisaxe e nun mesmo, se quere tomar un café ou comer quente. O mesmo que, acompañando ó anterior, a textura da poboación, coa inmigrante, segundo a súa procedencia, maioritaria na hostalería ou nos campos, nunha peculiar separación de orixes e destinos. Ou a evolución da lingua ó longo da viaxe.

Ou a psicoloxía: 'carpe diem', 'tate ó que tas', pasando por planificar, prever e deixar sitio ó imponderable, coñecerte a ti mesmo para avanzar ou sinxelamente non abandonar...

Naturalmente, non pode faltar o poñer todo nun contexto, nunha narrativa da viaxe e da vida.